

# A FILLA ETERNA

Joanna Hogg, 2022

# 1107

ESTREA EN NUMAX: 12.05.2023 | V.O.S.E. | 96 min

Unha artista e a súa anciá nai deben facerlle fronte a segredos case esquecidos cando regresan á vella mansión familiar, agora reconvertida nun hotel, onde se agocha un misterioso pasado.

«Unha conexión pantasma que se cerne brillantemente sobre todo»

Luke Hicks, THE FILM STAGE



## Entrevista con Joanna Hogg: «Os lugares deixan unha pegada moi grande en min por iso son tan importantes nos meus filmes»

Por Daniela Urzola

**No centro do filme está a relación entre nai e filla. Resulta moi interesante como presenta isto como unha especie de dualidade...** Todo comezou con esa relación e co desexo que tiña de encontrar un ambiente no que elas puidesen existir como individuos. A miña nai mais eu adoitabamos ir de viaxe, usualmente por tres días, e cara o terceiro día eu comezaba a sentir que desaparecía ou que me perdía nela. Quería que Julie experimentase esa sensación de perderse a si mesma de vista. E todo xurdiu desa casa que encontrei e sentín que encaixaba perfectamente co interior da súa mente. Interesábame reflectir esa psicoloxía do lugar.

**O espazo e a súa atmosfera son unha parte importante do diálogo que establece co terror gótico. Como chegou a construír iso?** A propia casa aportaba tanto que foi unha cuestión de usar as cousas que xa estaban alí e adaptalas. Fomos vela por primeira vez (co meu director de arte, Stéphane Collonge) nunha tarde de néboa. De entrada, o lugar xa tiña esa atmosfera gótica sen intentalo. Pero cando entramos vimos que era moi acolledora, con mobles brancos e decoración dourada. Iso non nos encaixaba, así que Stéphane propúxose facelo todo máis escuro: cambiou os mobles, deseñou detalles como as chaves da recepción, etc. Tratouse, en esencia, de desarmar a casa e volvela sombría, pero todo a partir de elementos que xa estaban alí. Por exemplo, a luz verde que ten tanta presenza no filme, era das luces de seguridade. Pero Ed Rutherford, o meu director de fotografía, esaxerouno e usouno para a paleta de cores.

**De onde xurdiu ese interese por facer unha historia de pantasmas?** Sabía que quería facer unha historia de casas encantadas. E o que me atraeu a esa casa foi unha fotografía en branco e negro de mediados dos setenta. Parecía un fotograma. E asombroume, incluso antes de visitala, que ninguén rodara alí. Iso atraeume máis, gustábame a idea de entrar nun lugar inexplorado.

**Tiña algunhas referencias en mente?** No meu proceso non me gusta fixarme noutros filmes. Pero si que tiven en conta *A noite do demo* (1957), de Jacques Tourneur, sobre todo na secuencia do inicio. Tamén sei que o meu deseñador de son, Jovan Ajder, viu *Suspense* (1961), de Jack Clayton, e que se inspirou nela.

**Como foi o proceso de deseñar o son?** O son aporta moito na construción da atmosfera e Jovan fixo un traballo moi interesante. Hai moitas capas de son e incluso xogamos con elementos inesperados. Carly-Sophia Davies, que interpreta a recepcionista, é cantante tamén, así que veu cando estabamos mesturando e fixo sons de vento e cantou a peza de [Béla] Bartók que usamos. Vendo o filme é imposible saber que o vento é a voz dunha persoa. A idea era xogar con iso e crear as capas dunha atmosfera.

**Detrás de todo hai unha reflexión sobre como a memoria está ligada aos lugares e sobrevive a través deles. É algo presente n' *A filla eterna* e tamén en *Présages* (2023)...** Os lugares deixan unha pegada moi grande en min. Por iso son tan importantes nos meus filmes. Gocei moito facendo *Présages*. É moi recente, así que reflicte como me estou sentido agora sobre os lugares, a memoria e a perda. Fala das miñas preocupacións actuais e, nese sentido, tamén de cara onde vou ir despois.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Nuestra parte de noche*,  
Mariana Enríquez.  
Anagrama, 2019

*Siete casas vacías*,  
Samanta Schweblin.  
Páginas de Espuma, 2015

*Arquitectura de las  
pequeñas cosas*,  
Santiago de Molina.  
Páginas de Espuma, 2023